



BANDO

SUBVENCIONS E AXUDAS A PROXECTOS DE ENERXÍAS RENOVABLES

O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA vén de publicar no DOG núm. 133 do mércores 14 de xullo de 2010 a *Resolución do 6 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de enerxías renovables correspondentes ao exercicio 2010, cofinanciadas polo Feder no marco do programa Feder-Galicia 2007-2013 e ao abeiro do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega o día 18 de maio de 2010*

OBXECTO

Convocatoria de axudas para os proxectos de enerxías renovables que utilizan as seguintes tecnoloxías:

- Enerxía solar térmica
- Enerxía solar fotovoltaica illada
- Enerxía solar fotovoltaica conectada á rede
- Biomasa
- Biogás/gasificación
- Outras renovables: enerxía eólica, enerxía minihidráulica e instalacións mixtas de xeración eléctrica

BENEFICIARIOS

- a) Persoas físicas maiores de idade ou emancipados que, teñan plena capacidade de obrar.
- b) Persoas xurídicas legalmente constituídas.
- c) Agrupación de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade.
- d) Fundacións, asociacións e comunidades con personalidade xurídica e sen ánimo de lucro.

SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán dirixirse ao Instituto Enerxético de Galicia segundo os modelos que se achegan nos anexos da dita Orde.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES: ATA O 20.09.2010

Mesía, 14 de xullo de 2010

Mariano Iglesias Castro
Alcalde